

Para, contra a violencia, recuperarmos a lingua
25 de novembro, Día da Non-Violencia contra as Mulleres



María Xosé Silvar Fernández

“As variacións no uso da fala están
sistematicamente relacionadas cos patróns
culturais, coa estrutura social e coa ideoloxía cultural.”
M^a Jesús Buxó Rei

A configuración do perfecto ser humano é algo complexo. Sabemos, ou cando menos é algo socialmente aceptado, que a perfección en si é algo imposible, inalcanzábel. Ninguén ousa recoñecer en público que a súa meta é a devandita Panacea. Porén, isto non parece ser “verdade aceptada” no que atinxe á valoración das aptitudes femininas. O defecto, a deficiencia, a distancia a respecto do canon establecido, o amor ás propias ideas, a rebeldía...son elementos identitarios que mudan de apreciación dependendo do sexo do suxeito portador.

Multitude de valores e características, escollidas ou non, son examinadas polos demais para facer un xuízo que vai marcar por completo as nosas relacións sociais, para outorgarnos ou non o prezado tesouro da aceptación social. Todo este conxunto de características psicolóxicas, estéticas, ideolóxicas, procedimentais...están implicadas na organización social, dela nacen e no seu seo é que son susceptíbeis de xulgamento. A lingua entra aquí, como parte privilexiada do xogo social, a participar como un marcador máis de estatus, a miúdo como “O Marcador” de estatus.

Sabemos que os falantes dunha lingua franca, hexemónica, nun territorio monolingüe conceden prestixio ás variantes diastráticas máis elevadas, á lingua culta e coidada. O uso dun léxico vulgar, relaciónase directamente, polo xeral, cos estratos medios e baixos da sociedade, coas chamadas clases populares. Isto fai que a etiqueta dunha persoa, sexa facilmente impresa polos seus hábitos lingüísticos. Mais os seres humanos poden ser homes ou poden ser, independentemente das opinións dalgúns autores e relixiosos caducos, mulleres.

Pode ser destacado como algo claramente asimilado na sociedade occidental o feito de ser unha muller “mal-falada” moito mais despreziábel e criticábel do que un home cos mesmos comportamentos lingüísticos, posto que o segundo soe responder a eses instintos e fortes caracteres que tan ben traídos resultan sempre como avogados do xénero masculino. Falar mal, porén, nunca foi de señoritas.

Nos territorios plurilingües, a cuestión non é só de variedades, os propios códigos fan a súa aparición escea, competindo frontalmente. En Galiza existen, na actualidade, dúas linguas, a de prestixio e a nosa, o galego. Esta última, como é sabido, sufriu ao longo de séculos unha implacábel persecución. Nos nosos días, por sorte, temos chegado a ese punto de poder escoller, de poder falar “a Nosa”. Mais algo chama a atención cando atendemos ás estatísticas a respecto da cuestión de xénero: o menor número de falantes entre o sexo feminino. A que resposta isto?, Por que nós?.

Hai seis décadas a sociedade tiña fame, estaba inmersa no duro proceso de recuperación dun conflito bélico que deixou o Estado na miseria máis cruenta. Hoxe que, no mundo occidental, isto está superado (como norma, por suposto) assistimos á morte de miles de mulleres novas vítimas de desordes alimenticias como a anorexia ou a bulimia, que destrúen os seus organismos até asasinalas. O pobo tardou en ver como unha verdade incontestábel o feito da sociedade impor normas estéticas mortais, hoxe o mundo recoñece a epidemia.

Detectar, ver con claridade o total das imposicións que sufrimos as mulleres é complexo. Aínda hoxe é tilado de chovinista o colectivo homosexual cando declara abertamente a vergoña de ter que seguir militando na loita do acceso á cidadanía. Ao cidadán de primeira moléstalle a consciencia da propia condición por parte das/os cidadáns de segunda e, o que é peor, o mesmo ocorre cun grande sector de segunda que non acepta ou se nega a ver a súa propia posición na escala xerárquica e a privación de liberdade que isto lle retribúe. A presenza de formas extremas de discriminación no chamado primeiro mundo segue a ser un prato difícil de dixerir para os que rompen a boca falando da superioridade e os grandes logros do sistema democrático occidental. Mais para superar unha enfermidade, hai que diagnosticala primeiro. Do mesmo xeito que agora son xa recoñecidas as imposicións estéticas e laborais máis crueis para as mulleres, se cadra polo extremo de aberración e

xenocidio normalizado ao que rematamos por chegar, teñen de selo tamén todo o conxunto de opresións lingüísticas máis duras para nós; como xa dixemos, falar mal non é de boas damas, disto xa tomaran conta Austin, Wolf ou Beauvoir.

O galego non é aquí o idioma mellor visto e unha muller debe escoller sempre, e en todos os ámbitos da súa vida, a opción mellor vista se quere manter a duras penas o seu prestixio social. A nosa lingua non semella, pois, unha boa opción. A sociedade dicta: estilizadas, submisas e...en español.

Lucidez e coherencia son, ao meu xeito de ver, dúas das máis valiosas aptitudes humanas, a terceira é a vontade. As dúas primeiras permítennos identificar a situación, a terceira permítenos mudala. Ás veces a violencia calada, tan arraigada nas entrañas do sistema, non é nada doada de descubrir. Dixo Goethe: “Ninguén é máis escravo que o que se considera libre sen selo”. Se conseguimos detectar esta ruín forma de maltrato que nos vai levando ao suicidio real, a vontade é a arma para loitar. Se conseguimos ver que o sistema tenta matarnos de inanición e coaccionarnos coa ameaza de sermos anuladas intelectualmente como molestas chovinistas da era poscolonial, combatámolo. Se observamos desde a coherencia que o sistema desexa arrincar a nosa identidade erradicando o noso ben máis prezado, loitemos afianzando o orgullo nos nosos hábitos lingüísticos, falando a Nosa, a Histórica, a Galega.